

RESOLUCIÓN

Vistas as manifestacións e alegacións formuladas polas entidades que solicitaron autorización para o uso de instalacións deportivas municipais para a tempada 2016-2017, así como as diversas incidencias que se produciron ata a data.

Visto o informe proposta que antecede, e sobre a base da competencia que me confire a legalidade vixente.

RESOLVÍN:

Primeiro.- Conceder durante o período que abarca desde a data da presente resolución ata o 30/06/2017 (**para os campos de fútbol municipais ata o 31 de maio de 2017**), excluindo os períodos vacacionais de Nadal e Semana Santa (que coincidirán coas datas fixadas polo calendario escolar oficial; nos cales se incluírán, entre outros, os usos patrocinados vinculados directamente cos Programas Deportivos de “Nadal” e “Semana Santa”), o uso das instalacións deportivas municipais para os días e horas que se sinalan, ás entidades que se relacionan no documento anexo á presente Resolución, que consta de 21 folios rubricados polo Xefe de Servizo de Deportes e Mocidade; comezando polo uso da PISTA CENTRAL DO PALACIO DOS DEPORTES DE RIAZOR por parte do CLUB BASQUET CORUÑA os LUNS de 10:00 a 12:00 horas, e finalizando polo uso do CAMPO DE FÚTBOL DE EIRÍS pola AFAC os VENRES de 17:00 a 22:00 horas.

Segundo.- O uso de tales instalacións, o cal se destinará exclusivamente a adestramentos ou competicións oficiais, desenvolverase nos termos descritos nas bases reguladoras da presente convocatoria.

Terceiro.- Conceder patrocinio municipal a todas as entidades relacionadas no anexo citado, exceptuando “SPORTS TECH INNOVATION AUREA 5 S.L.”, “ACADEMIA CERVANTES”, “ITINERE, S.L.” e “LECER”; que, polo tanto, deberán abonar as taxas de aluguer que correspondan aos usos que se lles asignaron.

Cuarto.- Ordenar a divulgación da presente resolución polas canles indicadas na convocatoria: taboleiros de anuncios do Concello e das cidades deportivas municipais e web municipal de Deportes (www.coruna.es/deportes); informando aos interesados que a presente resolución pon fin á vía administrativa, e contra a mesma só cabe interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Concelleiro Delegado de Cultura, Deporte e Coñecemento no prazo dun mes ou directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses; computándose o inicio de ambos os prazos desde a data da súa divulgación no taboleiro de edictos do Concello.

A Coruña, 28 de outubro de 2016
A Xunta de Goberno Local
P.D. (A. 19/06/2015 – BOP nº 125 de 06/07/2015)
O Concelleiro de Cultura, Deporte e Coñecemento

Asdo. José Manuel Sande García